

te

traballadores/as do Ensino



ensino

RETRIBUCIÓN 2022



Suba dun 2!

**Nova perda
de poder
adquisitivo**

XUNTA DE GALICIA		RECIBO XUSTIFICATIVO DO PAGO DE SALARIOS	
- XUNTA DE GALICIA			
DEPARTAMENTO: 0065 - X.T. EDUCACIÓN, UNIVERS. E F.P.			
CENTRO:			
PERCEPTOR:			
RÉXIME: RÉXIME XERAL DA S.S.		CLASE: MUFACE NOVO INGRESO RDL 13/2010	CONTRATO: 000
C.C.C.s:		GR. TARIFA: 01	OCUPACIÓN:
NAP: .			
BANCO: * * * * *			
DATA DE COMUNICACIÓN DO MODELO 145:			
Periodo de liquidación, tipo (mensual, pago único, anual, semestral, trimestral...), causa e conceptos	Retribucións	Descostos	
SOLDO	1.214,39		
DESTINO	638,29		
ESPECÍFICO	682,18		
TRIENIOS FUNCIONARIOS GRUPO A1	186,96		
TITORIA			
SEGUNDO			
IMPORTE			
M.U.F.A.		49,43	
COTA CO			
COTA CO			
COTA OB		147,91	
RETENCIÓN		556,48	
DO 01/04			
SOLDO			
CONTÍA A			
TRIENIOS			
IMPORTE			
M.U.F.A.		49,43	
RETENCIÓN		286,66	
DO 01/07			
ESPECÍFICO			
IMPORTE			
RETENCIÓN		167,48	
Prorrates		1.257,39	

2022

DOCENTES ENSINO PÚBLICO

www.ccooensino.gal



Jose Fuentes

Acción Sindical de Ensino Público
Federación de CCOO de Galicia

OS EMPREGADOS PÚBLICOS PERDEMOS PODER ADQUISITIVO POR SEGUNDO ANO CONSECUTIVO

Despois dos acordos asinados por CCOO (acordo trianual de 8 de marzo de 2008 e acordo galego de homologación retributiva de xullo de 2018) o profesorado galego veu incrementos moi importantes na súa nómina entre 2018 e 2021.

A aplicación destes 2 acordos supuxo un incremento retributivo entre **10,15% e 11,88%** segundo corpo e antigüidade. Unha vez aplicado o IPC, que se disparou nos últimos meses de 2021, o incremento do poder adquisitivo creceu entre o **3,05% e 4,78%**, o que nos permitiu mitigar algo a perda dos anteriores 8 anos. Ou o que é o mesmo, unha **suba entre 3.370 e 4.665 euros anuais**. Aínda así non recuperamos todo o perdido naqueles anos.

No ano **2021** o goberno impuxo, sen negociación, unha **suba salarial do 0,9%** moi lonxe do IPC que en Galicia acadou o 5,7%. Consecuentemente acumulamos unha perda de 4,8 puntos sobre o raquítico incremento retributivo imposto polo goberno sen negociación. Aínda que os docentes galegos mitigamos algo esta perda xa que cobramos os **30 euros** do último tramo do acordo de homologación non foi suficiente para manter o poder adquisitivo.

Despois de coñecer a evolución económica, o goberno **segue a desprezar** aos seus empregados e mentres que demandan que suban os salarios ás patronais privadas eles fan o contrario con nós, volvendo a infrinxirnos outra perda de poder adquisitivo e negándose a negociar nada que teña que ver con salarios cos seus representantes.

Por este motivo CCOO **demandou nas mesas un incremento que permitira recuperar o poder adquisitivo perdido** polas empregadas e empregados públicos durante a crise. Dende o inicio da crise en 2010 acumulamos unha perda entre 9,55 e 12,84 puntos de capacidade de compra, despois de recuperar unha media de 4 como consecuencia dos dous acordos citados anteriormente.

Despois da imposición do 0,9% en 2021 o goberno impón para 2022, tamén sen negociación, unha suba dun 2%; **medida que non avalamos** porque alónxase dos obxectivos marcados de recuperación do poder adquisitivo infrinxíndonos unha nova perda de poder de compra para 2022.

CCOO **esixe ao goberno que siga avanzando na recuperación salarial** con novos acordos. Non renunciamos a recuperar as condicións anteriores a 2010. É imprescindible un **novo acordo plurianual** de recuperación retributiva que abarque:

- ▶ **A recuperación da extra igual á mensualidade.**
- ▶ **O recoñecemento da débeda contraída dende 2010** (dun 9,55 a un 12,84% segundo corpo e antigüidade).
- ▶ **O recoñecemento do goberno galego do CE deixado de percibir nas pagas extras entre 2013 e 2016.**

RETRIBUCIÓNS PERSOAL DOCENTE 2022

Concepto	Grupo A2				Grupo A1			
	Mestres		P. Técnico/a FP		P. Secundaria		Catedrático/a	
	Paga ordinaria mensual	Paga extra	Paga ordinaria mensual	Paga extra	Paga ordinaria mensual	Paga extra	Paga ordinaria mensual	Paga extra
Soldo base	1.071,06 €	781,15 €	1.071,06 €	781,15 €	1.238,68 €	764,37 €	1.238,68 €	764,37 €
C. destino	528,70 €	528,70 €	651,06 €	651,06 €	651,06 €	651,06 €	779,83 €	779,83 €
C. específico	695,82 €	695,82 €	695,82 €	695,82 €	695,82 €	695,82 €	751,66 €	751,66 €
Titoría e outras funcións docentes	48,73 €	48,73 €	48,73 €	48,73 €	48,73 €	48,73 €	48,73 €	48,73 €
TOTAL	2.344,31 €	2.054,40 €	2.466,67 €	2.176,76 €	2.634,29 €	2.159,98 €	2.818,90 €	2.344,59 €
Trienios	38,88 €	28,35 €	38,88 €	28,35 €	47,67 €	29,43 €	47,67 €	29,43 €
IPC galego	0,3784% das retribucións brutas de cada persoa							

SEXENIOS

1º SEXENIO	2º SEXENIO	3º SEXENIO	4º SEXENIO	5º SEXENIO
66,14 €	85,03 €	113,39 €	160,61 €	47,23 €

DESCONTOS

CONCEPTO	GRUPO A1	GRUPO A2
PASIVOS	115,17 €	90,64 €
MUFACE	50,42 €	39,69 €
COTA OBREIRA	4,445% das retribucións (á espera de actualización)	
RETENCIÓNS I.R.P.F.	Segundo retribucións anuais e situación persoal	

CARGOS DIRECTIVOS PRIMARIA

CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E EDUCACIÓN ESPECIAL

CARGO	TIPO A Colexios de 40 ou máis unidades e centros específicos de e. especial	TIPO B Colexios de 18 a 39 unidades	TIPO C Colexios de 6 a 17 unidades	TIPO D Colexios de 3 a 5 unidades
DIRECCIÓN	581,12 €	526,03 €	380,70 €	281,48 €
XEFATURA DE ESTUDOS	202,20 €	190 €	183,91 €	135,12 €
SECRETARÍA	202,20 €	190 €	183,91 €	135,12 €

CARGOS DIRECTIVOS SECUNDARIA

CENTROS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA, CPI, F.P. E RÉXIME ESPECIAL

CARGO	TIPO A Centros de máis de 1350 alumnos	TIPO B Centros de 751 a 1350 alumnos	TIPO C Centros de menos de 750 alumnos	TIPO D Extensiones ou seccións delegadas
	Os conservatorios superiores de música, as escolas de artes plásticas e deseño nas que se impartan ensinanzas superiores, a Escola de Restauración, a Escola de Arte Dramática, os centros residenciais docentes e os centros integrados de FP están clasificados como centros de tipo A			
DIRECCIÓN	709,07 €	610,76 €	552,88 €	500,52 €
VICEDIRECCIÓN	311,94 €	305,89 €	220,48 €	190 €
XEFATURA DE ESTUDOS	311,94 €	305,89 €	220,48 €	190 €
SECRETARÍA	311,94 €	305,89 €	220,48 €	190 €

COMPLEMENTOS

XEFATURA DE DEPARTAMENTO	74,11 €
COORDINACIÓN DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO	74,11 €
COORDINACIÓN EQUIPO DINAMIZACIÓN LINGUA GALEGA	74,11 €
XEFATURA DE DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN (PRIMARIA)	74,11 €
RESPONSABLE CENTROS DE INFANTIL E PRIMARIA DE MENOS DE 3 UNIDADES	74,11 €
PROFESOR DE COLEXIOS RURAIS AGRUPADOS	74,11 €
PROFESORADO EPAPU	74,11 €
IMPARTIR DOCENCIAS EN CENTROS ESPECÍFICOS DE ENSEÑANZAS DE ADULTOS	74,11 €
COMPLEMENTO MESTRES/AS 1º CICLO E.S.O.	122,36 €

OUTROS COMPLEMENTOS

- ▶ Nos CIFP as coordinacións de EMPRENDEMENTO, PROGRAMAS INTERNACIONAIS, TICs, INNOVACIÓN E FORMACIÓN DO PROFESORADO, BIBLIOTECA E RESIDENCIA teñen un complemento de 74,11 €
- ▶ Nos CRD á Xefatura de Residencia correspóndelle 311,94 € e á Dirección, 74,11 €
- ▶ Membros do Equipo de Orientación Específico: 311,94 €
- ▶ Asesores Técnicos Docentes: 311,94 €
- ▶ Nos CAFI e CFR os complementos son os seguintes:
 - Dirección, 610,76 €
 - Asesoría, 311,94 €

Consolidación de complemento de dirección

1º mandato (primeiros 4 anos)	25 %
2º mandato (do 4º ao 8ª ano)	15 %
3º mandato (do 8º ao 12º ano)	20 %

Nos orzamentos para 2013, o Goberno da Xunta de Galicia presidido por Feijóo decidira retirar o CE das pagas extras. Os orzamentos aprobáronse en marzo pero aplicáronse dende xaneiro. A retirada do 100% do CE na extra de xuño foi sancionada polos tribunais, que obrigaron a Xunta a devolver a parte proporcional de xaneiro e febreiro porque as leis non se poden aplicar con carácter retroactivo. Posteriormente, en xuño de 2016, **CCOO e outras organizacións sindicais asinamos un acordo co Goberno galego polo que recuperamos o CE nas pagas extras a partir de 2017**. Neste acordo introducimos unha cláusula que recolle que **non renunciamos a demandar a devolución do deixado de percibir por este concepto entre 2013 e 2016**.


A contía deixada de percibir podemos vela no seguinte cadro:

CORPO	ANTIGÜIDADE	2013	2014	2015	2016	PERDA TOTAL
MESTRES PES PTFP	0 trienios	971,52	1.165,82	1.165,82	1.177,48	4.480,64
	2 trienios/1 sexenio	1.070,2	1.284,24	1.284,24	1.297,08	4.935,76
	4 trienios/ 2 sexenios	1.197,08	1.436,50	1.436,50	1.450,87	5.520,95
	6 trienios/ 3 sexenios	1.366,30	1.639,56	1.639,56	1.655,96	6.301,38
	8 trienios/ 4 sexenios	1.605,98	1.927,18	1.927,18	1.946,45	7.406,79
	10 trienios/ 5 sexenios	1.676,47	2.011,76	2.011,76	2.031,88	7.731,87
CATEDRÁTICOS	4 trienios/ 2 sexenios	1.280,40	1.536,48	1.536,48	1.551,84	5.905,20
	6 trienios/ 3 sexenios	1.449,62	1.739,54	1.739,54	1.756,94	6.685,64
	8 trienios/ 4 sexenios	1.689,30	2.027,16	2.027,16	2.047,43	7.791,05
	10 trienios/ 5 sexenios	1.579,78	2.111,74	2.111,74	2.132,86	7.936,12

CCOO-ensino seguirá loitando por negociar esta devolución, sendo conscientes da dificultade que supón chegar a acordos con esta administración, pero amosando, que somos a única organización sindical que é quen de acordar cos diferentes gobernos, independentemente da súa cor política, en beneficio das traballadoras e traballadores do ensino público galego.

GRAOS DE PARENTESCO

AFINIDADE E CONSANGUINIDADE



POR QUE É IMPORTANTE AFILIARME?

O traballo que levamos a cabo nas diferentes mesas de negociación é posible grazas ao apoio da afiliación aos seus representantes sindicais. O teu apoio é a nosa forza. As cotas de afiliación son a principal achega para o mantemento dunha acción sindical autónoma e ademais podes desgravalas na declaración da renda.

Ademais, poderás beneficiarte doutros servizos da máxima calidade e fiabilidade como:

- ✓ Asesoramento laboral e administrativo específico;
- ✓ Asesoramento xurídico, profesional e tramitación de recursos;
- ✓ Atención á afiliación de forma presencial, telefonicamente e por correo electrónico;
- ✓ Actividades de formación permanente, homologadas pola Xunta de Galicia, presenciais ou en liña, válidas para concurso de traslados, sexenios...;
- ✓ Envío persoal de publicacións estatais e autonómicas;
- ✓ Información sindical actualizada das mesas de negociación, xuntas de persoal...

Por todo isto é importante afiliarte a CCOO, para facerte escoitar e para que colabores na elaboración das propostas que defendan os teus dereitos e que melloren as túas condicións laborais.

Onde podes atoparnos

Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro,8
1º andar
CP 15707
Telf. 981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2,
3º andar
CP 15008
Telf. 981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla 58,
4º andar
CP 27002
Telf. 982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar
CP 36002
Telf. 986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María 42-44
CP 15402
Telf. 981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar
CP 32300
Telf. 988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrechán
CP 36212
Telf. 986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco


Praza do Concello 2, 1º andar
CP 32300
Telf. 988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte

Roberto Baamonde s/n
CP 27400
Telf. 982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es



www.ccooensino.gal



Federación de Ensino de CCOO de Galicia